

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 31 DE XULLO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día trinta e un de Xullo de mil novecentos noventa e cinco; ás dúas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don Xosé Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno aproba por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 24 de Xullo pasado.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento á empresa Unión Eléctrica Fenosa, de 2.526.561 pesetas, en concepto de aboamento facturación alumeadado público e edificios a cargo da Corporación correspondente ó mes de Xuño de 1995.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a conta á Empresa Saguay Rotualacións de 586.000 pesetas por montaxe e infraestructura da XI Mostra Internacional de Teatro.

E sendo as dúas e cuarto da tarde, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.